

NOTA
MESA DE DEBATE

Data: 22/04/2026

Título: A industrialización da agricultura en España: xeopolítica, planificación e custos socio - ambientais

Participantes: ROSA M^a PARDO SANZ (UNED), CARLOS DE FRANCISCO MARTIÑÁN (USC), DAVID SOTO (USC). MODERA: DANIEL LANERO (USC)

Hora: 12 h

Lugar: Seminario 103. CISPAC. Edificio Fontán. Cidade da Cultura de Galicia



Rosa M^a Pardo Sanz é Doutora pola UNED coa tese América Latina na política exterior española 1939-1945. Actualmente é profesora titular do Departamento de Historia Contemporánea da UNED. Tras un primeiro libro sobre a política española en América Latina, 1939-1945, escribiu numerosos artigos e capítulos de libros sobre distintos aspectos da política exterior española no século XX e a influencia internacional na modernización das políticas españolas (FAO).

David Soto Fernández é doutor en Historia pola USC desde 2003. En 2003 incorporouse á Universidade Pablo de Olavide de Sevilla, como Profesor Axudante de Historia Contemporánea desde 2007 ata 2019 e onde desenvolve gran parte da miña carreira investigadora e onde cofundou o Laboratorio de Historia dos Agroecosistemas. Na Actualidade é profesor Permanente do Departamento de Historia da USC. Forma parte do Grupo de Investigación HISTAGRA e é investigador do Centro de Investigación Interuniversitario das Paisaxes Atlánticas Culturais desde 2022.

Carlos de Francisco Mantiñán é doutor en Economía pola USC coa tese Reforma y planificación indicativa en las economías ibéricas entre 1950 y 1975: un análisis comparativo desde 2025. Forma parte do Grupo de Investigación GESPIC da USC. A súa investigación céntrase nas reformas económicas nas dúas ditaduras ibéricas, franquismo (España) e Estado Novo (Portugal), particularmente nos planos de desenvolvemento económico aplicados por ambos os réximes, isto é, os Plans de Desenvolvemento en España e os Planos de Fomento en Portugal.

Daniel Lanero Táboas é Profesor Titular no Departamento de Historia da Universidade de Santiago de Compostela e Investigador do Grupo HISTAGRA e do Centro de Investigación Interuniversitario das Paisaxes Atlánticas Culturais (CISPAC). Na actualidade traballa sobre as políticas públicas de vivenda en España durante o século XX; a modernización agraria na Península Ibérica na segunda metade do s. XX e a Historia da medicina rural. Entre as súas liñas de investigación atópanse a Historia Social do Mundo Rural, a Historia Comparada dos Fascismos ou a Historia Agraria, cunha especial atención ao franquismo, a transición á democracia en España e o Estado Novo portugués.

Máis Información:

<https://histagra.usc.es/es>

histagra@usc.es. Tel. 881971010 (ext. 100)